

Comeza o prazo de renovación de matrícula e elección instrumental para o alumnado que finaliza este curso Básica II - Curso 2020-2021 sedes Arteixo e Meicende

Para o curso 2020/2021 os prazos do procedemento de renovación da matrícula e elección instrumental do **alumnado que cursa este ano Básica II** na EMMArteixo, son os seguintes:

- **Do 23 de marzo ao 15 de abril** (*solicitud de renovación e elección de instrumento*)

Adxúntase a esta circular o modelo de renovación de matrícula no cal teredes que indicar ata un máximo de 3 instrumentos (por orde de preferencia).

Actualmente, **na escola impártense as seguintes especialidades instrumentais**: acordeón, clarinete, gaita, piano, frauta traveseira, saxofón, guitarra clásica, percusión, trombón, trompeta, tuba, bombardino, trompa, violín, violoncello e viola.

Ademáis destes instrumentos, poderedes escoller calquera outro tendo en conta que só se abrirá grupo en caso de recibir tres ou máis solicitudes desa especialidade.

A **entrega dos impresos** de renovación cumprimentados realizarase a través do seguinte correo electrónico da Escola:

emmaarteixo@gmail.com

Para **máis información** poderán ser atendidos no teléfono da EMMArteixo no seguinte teléfono: 671 582 787

Tamén poderán contactar coa Escola a través do enderezo electrónico emmaarteixo@gmail.com

Prégase lean atentamente o contido da páxina seguinte

IMPORTANTE

NON PODERÁ RENOVAR A MATRÍCULA NA EMMArteixo

- O alumnado expulsado mediante expediente disciplinario.
- O alumnado que teña cumpridos seis anos de permanencia na escola na mesma materia ou dez anos dende música e movemento .
- O alumnado que non estea ao corrente coas obrigas tributarias co Concello de Arteixo.

OUTROS REQUISITOS

- O alumnado que non renove a matrícula no prazo establecido causará baixa con perda de todos os dereitos.
- A renovación supón a asistencia obrigada ás clases e a xustificación das faltas coa documentación que lle sexa requirida no momento oportuno.